

# VERSOS E VICEVERSOS

Textos de ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO  
e JUAN CARLOS MARTÍN RAMOS

Ilustracións de JUAN RAMÓN ALONSO

Tradución de ANTONIO GARCÍA TEIJEIRO

Encadernado en cartón. 15 x 23,5 cm. 64 páx. 14 €.

**Versos e viceversos** (galego)

ISBN 978-84-8464-432-3. Poesía Ilustrada.

**Versos y viceversos** (castelán)

ISBN 978-84-8464-433-0. Orihuela.

*Dúas voces alternándose? Unha voz que resulta da unión de dúas voces? Ou un libro de versos escrito a catro mans? E con eles, Juan Ramón Alonso, o ilustrador que nos achega as súas mans de artista.*



[Fragmento do limiar, de Antonio Rubio]

Dous poetas, o galego Antonio García Teijeiro e o andaluz Juan Carlos Martín Ramos, unen as súas voces amigas nesta obra coral á que se suma o ilustrador Juan Ramón Alonso, artesán da imaxe gráfica que potencia o lirismo destes versos. Versos que saben, arrecenden e soan a mar, para contemplalo e sinalo: vento, ondadas, caracolas, horizontes lonxanos, noites e lúas.

Os autores trenzan os seus pensamentos e emocións nunha rede de palabras irmanadas polas súas linguas de orixe: cada poema vai precedido dunha entradiña que alterna o galego e o castelán, inspirando outros versos no idioma contrario a modo de réplica literaria. Ese diálogo cultural trascende ao íntimo cando o poeta conversa consigo mesmo a través do seu caderno, invoca recordos de infancia, a súa identidade e raíces; mais tamén é un diálogo que se proxecta máis aló das páxinas do libro, interpelando os seus destinatarios.

Velaí a faceta social destes "Versos e viceversos" condenando a guerra e o deterioro do planeta, estrañando os contos de antano ou facendo un eloxio da lectura. Tampouco falta a dimensión lúdica que propón conquistar o reflexo da lúa na auga ou descifrar unha carta en branco.

Porque o clasicismo formal destes poemas non é uniforme; as estruturas modernízanse e alixéiranse, conservando a intensidade poética. Porque o clasicismo formal das ilustracións figurativas -lapis de cor e suaves acuarelas- contrasta co seu calado simbólico. E ambos elementos, textos e imaxes, son a chave da memoria.



■ **Temática:** poemas inspirados no mar, o amor pola poesía e pola lectura.

■ **Idade recomendada:** dende 7 anos.

■ **Aspectos destacables:** obra construída por dous poetas, conxuntamente, con limiar do tamén poeta Antonio Rubio; ilustracións figurativas, a base de lapis e acuarela.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/versos-e-viceversos-g>

## Antonio García Teijeiro

(Vigo, 1952)

Foi maestro, vencellado a movementos de renovación pedagóxica, e autor de numerosos libros. Recibiu os premios Merlín 1996, Pier Paolo Vergerio 1998, Luna de Aire 2007 e o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 2017. A súa obra figura en prestixiosas listas (IBBY, Fundación S. Ruipérez, CLIJ). <http://garciateijeiro.blogspot.com/>

## Juan Carlos Martín Ramos

(Belmez, 1959)

Estudió Filoloxía Hispánica. É técnico de Cultura no Concello de Fuenlabrada e autor de varios libros de poesía infantil e xuvenil. Recibiu os premios Leer es Vivir 2002, Lazarillo 2003, Ciudad de Orihuela 2015 por "Mundinovi" (Kalandraka) e Luna de Aire 2019. Tamén se dedicou ao mundo dos títeres en «Titiritaina», con Lurdes López.

## Juan Ramón Alonso

(Madrid, 1951)

Estudou pintura na Escola de Belas Artes de San Fernando. Tras dedicarse á docencia durante máis de 25 anos, dende 1995 centrouse na ilustración. Foi colaborador de El País e publicou máis de 300 obras de literatura infantil-xuvenil e para adultos. Recibiu, entre outros, os premios Austral 1985 e Fundación Santa María 1994.

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com